



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 13 DE MARZO DE 2015

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ (se incorpora á sesión ás 21:10 horas)
Concelleiro
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTORA MUNICIPAL

Dna. Ana Vigo Fariña

FALTAN Á SESIÓN

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trece de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

ÚNICO.- PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2015, SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE DATA 9 DE MARZO DE 2015.-

Sr. Alcalde: Boa tarde. Benvidos á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación municipal. O motivo desta sesión, como todos saben, é a aprobación do proxecto de Orzamento municipal para o exercicio 2015 como punto único dentro desta sesión. Así que, si lles parece, procedemos xa ao inicio do debate deste asunto, o proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio 2015, Orzamento que foi ditaminado por Comisión Informativa de Facenda de 9 de marzo de 2015.

Para a presentación dos Orzamentos, ten a palabra o señor D. Alberto Carracedo, Concelleiro de Facenda.

Sr. Alberto Carracedo, Concelleiro de Facenda: Moitas gracias Alcalde. Boas noites. Traemos a esta mesa os Orzamentos para o ano 2015 despois da súa tramitación, non so Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, senón trala súa presentación á Mesa de Negociación no Capítulo I, ante os Sindicatos, así como ante o

Consello Económico e Social. Trátanse duns orzamentos que considero que son, se algunha característica ten, son rigurosos, non so por dar cumprimento á estabilidade presupostaria, á suficiencia financeira, senón porque está axustados á realidade das necesidades que ten este Concello e ás obrigacións que ten este Concello cos seus cidadanos. Trátase duns orzamentos cunha cifra de 12.300.000 euros, que sofre algunha variación con respecto ao do ano pasado, e aquí podemos ver que no Capítulo pola vía de ingresos topamos que existe un aumento nos ingresos correntes e unha diminución nos ingresos de capital. No Capítulo I de ingresos practicamente as cifras previstas de recaudación son as mesmas, tendo en conta a importante baixada que se vai a conseguir na recaudación do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica como consecuencia da bonificación que se aprobou o ano pasado aos vehículos con máis de 25 anos, esto supón unha importante baixada de recaudación, sobre todo tendo en conta de que vai a ser unha bonificación aplicada de oficio, co cal se elimina o carácter rogado e, lógicamente, todos os vehículos que se atopan en situación de ser bonificados, e así o serán.

En canto ao Capítulo II, o Imposto de Construcións, se estima, a pesar de que o Plan Xeral está dando bos frutos, queremos ser precavidos, repetimos a mesma cifra de 120.000 euros.

Xa no Capítulo das Taxas, a característica principal é que se atopan todas conxeladas, se prevé un pequeno incremento, sobre todo, como consecuencia das taxas que se prevén recaudar no Conservatorio por incremento do número de alumnos. Tamén tendo en conta que aquí se aplicará este ano unha bonificación en esta taxa de Conservatorio e Escola de Música para as familias numerosas.

En canto ás Transferencias de Capital, o máis salientable é o incremento que vai..., perdón, as transferencias procedentes de participación en ingresos do Estado sofre un incremento como consecuencia do incremento que se fai no Estado español polos diferentes impostos e a transferencia que se fai ao Concello da Estrada, que se incrementa respecto á do ano pasado en 250.000 euros. É de destacar unha baixada moi importante como consecuencia das transferencias de capital que vai a recibir o Concello, esto baséase, sobre todo, en que desaparece, porque xa está finalizado o Proxecto do Novo Mercado, co que xa este ano non se contempla ningunha transferencia nin de fondos FEDER, nin da Xunta de Galicia, como se fixo o ano pasado, para completar este proxecto de Novo Mercado.

En canto aos préstamos, si as cifras son as que se esperan e sea definitivo a Liquidación do ano pasado, podremos optar a un préstamo de 550.000 euros superior en 20.000 ao do ano pasado.

En canto aos Gastos por Capítulos, existe un lixeiro incremento no Gasto de Persoal como consecuencia non solo de actualización de trienios, senón o incremento de 30.000 euros da partida destinada a negociación colectiva.

Na parte correspondente a Gastos, se produce unha diminución, esta é a liña que vimos seguindo nos últimos anos, rebaixando o que é o gasto corrente, sobre todo o que podemos chamar non produtivo, tratando de optimizar o que son as compras deste Concello, conseguindo sempre as mellores condicións para seguir baixando.

En canto a Transferencias Corrientes de Gastos, practicamente a cifra é a mesma que a do ano pasado, hai entre 713.000 e 564.000 euros, co cal nos mantemos na mesma liña.

Así mesmo, pasando ao Capítulo de Inversións, Capítulo VI, se ben existe unha importante baixada, vexa compensada por Transferencias de Capital, Capítulo VII, é dicir, entre os dous Capítulos estamos tendo unha cifra moi similar ao que era a suma dos mesmos no ano pasado; é dicir, estamos traballando cunhas cifras de inversión donde se contemplan 400.000 euros fraccionados con desenrolo do Plan Xeral e 500.000 euros de compromiso que ten o Concello en colaboración con outras administracións, neste caso coa mellora da carretera Liñares-Balboa.

Indo por funcións, dando un repaso nas notas máis importantes deste Orzamento, temos que en seguridade e orde público unha cifra que supera aproximadamente o millón de euros, tanto no que é a Policía Local, Protección Civil, Grupo de Emerxencias e a Brigada de Incendios; trátase de manter o que é o nivel de seguridade que merece un concello como A Estrada, invertindo, como se pretende, en novos vehículos, acabar novas instalacións (como é o caso da Policía Local). Protección Civil, síguese facendo un esforzo, sabemos que a parte vía extrapresupuestaria se está acabando coas novas instalacións que se están facendo no antigo Edificio Comarcal de Toedo e que vai a ser a nova base de Protección Civil.

En Urbanismo o máis salientable, como dicía fai un momentíño, os 400.000 euros que se reservan para as obrigacións que impón o desenrolo do Plan Xeral, 400.000 euros que van en relación a expropiacións de terreos.

Seguimos mantendo os gastos para o funcionamento dunha serie de servizos que ven mantendo o Concello, como son sumidoiros, abastecemento de auga e recollida de lixo. A partida de recollida de lixo é unha das máis importantes, onde se contempla non solo o gasto de SOGAMA (que supera os 400.000 euros), senón todo o persoal que ven do INEM por medio de colaboración social, donde, a parte de estar realizando esta labor de servizo ao Concello, está desenrolando un servizo en ben destas persoas que verán complementadas as súas prestacións de cara á xubilación.

En iluminación pública, mantemos unha cifra de 934.000 euros en liña de baixada por todas as medidas de aforro. Cando chegamos no 2011 superaba o 1.100.000 euros o gasto eléctrico, actualmente estamos en 200.000 euros por debaixo a pesar do incremento como houbo na tarifa eléctrica, no IVA, co cal o aforro real é moi importante, poderíase estimar cerca dos 400.000 euros o que sería se se houberse mantido as tarifas eléctricas, os impostos. Estas medidas de aforro, que non solo afectaron ao rural, aí en gran parte, senón ao propio casco urbano con apagado selectivo, apagado por horario, baixada de luminosidad... Ben, son as cifras que creo que axudan ao aforro e permiten investir os cartos en outros destinos.

Como partida moi importante neste Presuposto, temos todos os servizos relacionados con asistencia social ou Servizos Sociais. Foron incrementados por este grupo de goberno desde a súa chegada, non solo en dotación económica, senón na cantidade de servizos prestados, asumindo teleasistencia, abrindo novos servizos (como foi o comedor escolar do Foxo) e tratando de mellorar e optimizar os restantes recursos que existían, non solo dotando economicamente. Seguimos apostando pola formación de emprego, se manteñen de novo 100.000 euros en relación ao Obradoiro de Emprego, desta forma estamos traballando, podemos dicir triple vía, dando ocupación a xente, dando formación e, a parte, tendo estupendos resultados porque se obteñen melloras no que son nas instalacións do Concello, falaba antes de Protección Civil, falamos da Casa das Letras e outras actuacións que van sempre en relación con estas actuacións de Obradoiro.

Mantemos as nosas obrigas en saúde pública, en centros de ensino e centros de saúde. Mantemos nosas obrigas... aportacións en canto á Gardería e dotamos con 100.000 euros máis o compromiso que ten este Concello conveniado coa Xunta de Galicia para a construción da nova Gardería municipal, que se prevé se ubique nos antigos terrenos da Baiuca..., bueno, unha vez esté desenrolado o plan especial, se leve a cabo a urbanización, pois ese sería o punto ideal, porque sería o gran punto dotacional do Concello da Estrada, e o Concello, apoiando ese proxecto, dota con 100.000 euros a próxima Gardería municipal que ten que dar cabida a todas as necesidades que teñen as familiar e, deste forma, poder actuar sobre a conciliación familiar.

Mantemos o que é o esforzo en cultura e deportes, na Biblioteca (que agora vai, por razóns do novo... da nova de forma de levar a

contabilidade do Concello, nun Capítulo aparte de Cultura, casualmente que irá nunha nova ubicación física e non solo contable).

Falaba antes do Conservatorio de Música, leva unha importe dotación, 190.000 euros, está dando cabida a un gran número de alumnos, se está incrementando, ten un alto de nivel de profesorado, bueno... merecedor, como non podía ser doutra forma, de todo o esforzo que desde aquí se poida facer.

Mantemos a aposta na medida das posibilidades co resto de sectores que poidan ser produtivos para o Concello da Estrada, así falamos de turismo, feiras, comercio, agricultura, por exemplo, con 158.000 euros; mantense a promoción empresarial, o apoio a emprendedores (unha partida que se abreu fai 2 anos por iniciativa deste grupo de goberno).

Seguimos apostando fuerte pola infraestrutura, 1.200.000 euros están recollidos nestes presupostos, a parte de toda a financiación extrapresupuestaria, que non podemos olvidar que o Concello non pode quedarse no que é actividade presupuestaria, esa financiación debe seguir buscando, conseguindo inversións, tal como está ocorrendo agora mesmo co gran número de proxectos que están xa en execución, para licitación, por casi 4.000.000 de euros.

Así mesmo, non podemos olvidar todas as demais actuación que están relacionadas co funcionamento interno do Concello, é dicir, servizos informáticos, padrón de habitantes, participación cidadán, con 37.000 euros, así como dar cumprimento con suficiencia financeira a todas e cada unha das obrigacións deste Concello. En relación con este temas, falar da deuda viva do Concello, o que aos préstamos que existen con bancos, se mantén un nivel de... penso que óptimo, temos 3.600.000 de deuda prevista para final deste ano, tendo en conta de que destes 3.600.000 unha parte moi importante dos préstamos non se encontran dispostos, co cual a capacidade económica deste Concello, tanto en liquidez como financeira, é importante, sempre tendo en conta que acabado o novo Mercado, sin ter recibido todavía a parte que lle corresponde aos fondos FEDER, xa temos adiantado un millón de euros, a pesar deso seguimos cumprindo con o que son as obrigacións tanto cos provedores, sobre todo cos provedores, recordando a cifra de 300 euros como cantidade de vida ao final do exercicio do ano pasado, 31 do 12 do 2014, solamente quedou unha factura que había entrado no ano 2014 por pagar por importe de 300 euros, es decir a situación económica de gestión, a parte de dar cumprida resposta a todas esas obrigacións que cumprir o Concello, se está facendo de forma solvente e puntual.

Esto son en liñas xerais que o Concello presuposto... perdón, o Orzamento para o ano 2015, co cual, na liña inversora de racionalización e optimización do gasto, se ven facendo desde os últimos anos desta lexislatura, co cual este ano pretendemos que siga na mesma liña, sobre todo de cara a conseguir o que son os obxectivos que ten marcado o Ministerio de Facenda de estabilidade, suficiencia, equilibrio presupuestario.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sr. Concelleiro de Facenda pola súa explicación dos Orzamentos, e agora entramos no turno de intervención por parte dos grupos da oposición. Ten a palabra a Sra. Belén Louzao, en representación do Partido Socialista.

Sra. Belén Louzao, concelleira do PSdeG-PSOE: Moi ben. Boas noites a todos e todas. Gracias pola palabra Sr. Alcalde. Gracias pola palabra en esta ocasión, porque con anterioridade se nos ten negado a ocasión de participar. Desde logo non podemos non asistir a este Pleno pola importancia do mesmo pero, dende logo, vendo cal é actitude do grupo do goberno ao respecto do que é o documento máis importante para o traballo municipal ao longo dun ano, dende logo deixa moito que desexar o interés do grupo de goberno por coñecer e por participar, por permitir debatir que se elabore de xeito conxunto este documento. Creo que será a primeira vez neste Concello no que un Presuposto se

ditamina na mesma Comisión na que se da conta do Orzamento aos grupos da... aos membros da Corporación. Se ditamina sin dar ocasión de participar, é máis, se ditamina habéndonos entregado un venres á tarde sendo a Comisión o luns. Como dicimos, é a primeira vez na historia na que un grupo de goberno non permite a participación en democracia dos restantes grupos e, ademais, non o permite, e aquí nos fai hoxe unha exposición cargada de mentiras, unha exposición, dende logo, xa non edulcorada, senón, dende logo, cunha maquillaxe que deixa irrecoñecible a realidade. Decía o portavoz e Concelleiro de Facenda que no seu ánimo de reducir gasto corrente o estaban conseguindo, ben, dicir solamente que, no que vai de lexislatura, o seu goberno custoulle aos estradenses en gasto corrente 4,2 millóns de euros máis que ningún dos gobernos que houbo nunca neste Concello; en compra de bens e servicios, dous millóns e medio de euros máis ao longo da lexislatura en compra de bens neste Concello, e o Concelleiro nos falaba de racionalización de gasto, de optimización de recortes no gasto superfluo, etc, etc. Sen embargo vemos como este ano unha baixada de 140.000 euros, sen embargo o gasto corrente sube o 85% do total, un 85% que nos leva a falar do maior gasto corrente de ningún goberno neste Concello; pero podemos ir máis alá, se ben a baixada son 140.000 euros, dende logo donde xa se produce un descalabro total e brutal no que este grupo de goberno vai a dedicar... propón dedicar a inversión de cara ao 2015, unhas inversións que se van a reducir a unha compra, e vou a ser optimista, de como moito 30 contedores, un vehículo e dunha reserva de 400.000 euros vinculada a un préstamo que nin sabemos que si se vai a poder pedir ou non, so sabemos que, segundo os informes de Intervención pendentes da liquidación do 2014, é posible que a regra de gasto non se cumpla, por iso sabendo a máxima inversión que vai a facer este Concello de cara ao ano que ven é algo que non saben en que queren gastar, é algo que na Comisión se negaron a dicirnos para que ía estar destinado.

Dende logo temos que dicir, unha vez máis, que o Presuposto que se nos presenta hoxe aquí é un Presuposto para tapar chapuzas de anos anteriores, é un Presuposto para pagar gasto superfluo en moitos casos, pero gasto en definitiva que vai a comprar este Concello e que evidentemente terá que pagar. Pero é unha mágoa que cando se lle pide un maior esforzo en impostos aos nosos veciños, non se lles devolva en capacidade de traballo e inversión.

É un Presuposto o do 2015 que analizado por programas nos di que vamos a pagar máis en concepto de débeda, que vamos a soportar máis gastos financeiros por un novo crédito que non sabemos a que vamos a destinar, que vamos a reducir servizos públicos, vamos a reducir o diñeiro destinado a servizos públicos, e tamén vamos a reducir a actividade e a protección.....

(Interrompe o Sr. Alcalde a intervención da Sra. Louzao, e non se aprecia non audio)

Sra. Belén Louzao: Non, se ao Sr. Alcalde non lle interesa.....

Sr. Alcalde: Sra. Louzao, podíalle dar.... podíalle dar os mesmos consellos ao seu xefe de filas cada vez que interrompe constantemente nas sesións plenarias, non vexo que sea vostede tan áxil á hora de facer unha consulta normal co voceiro en materia económica do Partido Popular, creo que é razoable.....

Sra. Belén Louzao: Sr. Alcalde, é vostede o moredador deste Pleno, creo que xa é esperpéntico por sí....

Sr. Alcalde: Ten vostede a palabra Sra. Louzao.

Sra. Belén Louzao: Xa que citaba ao meu compañeiro, o meu compañeiro nestes momentos... neste momento está traballando na súa xornada laboral, cousa que ao haber convocado o Pleno tal e como o fixeron vostedes, sin sequera atender as recomendacións deste grupo que lle pediu que por favor non fora o venres á noite, pero vostedes, evidentemente, se non nos tiveron en conta para debater os Orzamentos, que nos van a ter en conta para convocar un Pleno. Polo tanto, respectemos tamén o traballo das persoas que non cobran por vir a esta casa, senón que cobran por facer o seu traballo e que o están facendo neste momento, por eso non poderon chegar e o farán en breve.

Como ía dicindo, e a vostede lle resulta pesada a realidade do momento, o sinto, pero son os datos dos seus Presupostos, os datos que presenta hoxe aquí. Neste Presuposto, dicían vamos a pagar máis polo débeda, a soportar máis gastos financeiros, vaise a reducir o diñeiro destinado a servizos públicos e tamén á protección e promoción social, vaise a subir o destinado a persoal, vaise a subir, como dicía, os gastos a través de crédito que non sabemos a que se vai a destinar, e se van a reducir estrepitosamente os investimentos. Eso si, vamos a entregarlle o diñeiro de todos os estradenses a outras administracións para que paguen obras que son da súa competencia, pero vamos a deixar de atender aquilo que si é competencia do Concello da Estrada. Se propón e se di que se vai destinar diñeiro á reparación da Casa Consistorial, arranxos e reparacións na Casa Consistorial, unha arranxo que acabamos de facer non fai moito; pero tamén se van a destinar a arranxos do Novo Mercado, se van a destinar fondos tamén a traballos técnicos de Urbanismo, case 22.000 euros, cando temos máis persoal en Urbanismo que nunca, polo tanto ter que contratar traballos técnicos fóra dende logo non é optimizar gasto como dicía o Sr. Concelleiro. Se vai a destinar tamén á reparacións de traballos doutras empresas no Novo Mercado, xa non solo vamos a reparar e contratar, senón vamos a pagar a outras empresas para que fagan reparacións no Novo Mercado. Vamos a reducir a partida destinada a atención aos maiores, vamos tamén a reducir a partida destinada a emerxencia social, pero, dende logo, vamos a seguir dicindo que este é un Orzamento idealizado e social, como se nos dicía dende o grupo de goberno. Vamos a investir 0 euros en compra de material para manter o alumbrado, ao extenso alumbrado ao que se referían vostedes fai un momento; reparación de útiles de alumbrado temos simplemente unha partida de 1.000 euros, eso si, triplicamos a destinada a parques, bueno, pois tamén nos terán que explicar por que, onde vamos a comprar esos parques e onde os vamos a colocar. Deixamos de atender as necesidades do día a día do noso Concello pero, sin embargo, atendemos a outras que son superfluas.

Recibimos máis diñeiro, e xa se dixo aquí, a través dos impostos, pois que o Estado nos vai a transferir, recibimos máis diñeiro pero vamos a facer menos cousas. Agora ben, coidamos dos que son afíns ao grupo de goberno e propoñemos e mantemos as prazas de Asesoría Xurídica e seguimos pagando encomendas de funcións para realizar ocupacións a pesar que neste casa hai persoal que ten capacidade para facer o traballo sin ter que encomendarlle funcións e cambiar de postos a outras personas.

Como dicíamos, este é un Orzamento que, dende logo, á Estrada non lle vai a facilitar nada, aos veciños e veciñas non lles vai a atender ás súas necesidades, o único que vai a facer es pagar gastos e pagar chapuzas que se teñen feito en anos anteriores. Como dicía, esta lexislatura, este grupo de goberno, que fala sempre de optimizar gastos e de racionalizar, lle custou aos estradense en compra de bens máis de 2.000.000 de euros máis que ningún outro goberno e lle custou en compra de gasto corrente que agora mesmo temos no 85%, 4,2 millóns de euros máis. Por eso Sr. Alcalde, xa lle adianto, que non vamos a utilizar o noso segundo turno de palabra, porque falar da necesidade de facer saneamentos, falar da necesidade de atender a adaptacións nas nosas rúas, falar da necesidade de acometer arranxos nas traídas de

auga, falar de necesidades en vías rurais, que se reduce no orzamento a 64.000 euros, dos mil e pico quilómetros cadrados de pistas asfaltadas, e o Orzamento do Concello son 64.000 euros para o seu mantemento anual; vías do casco urbano, 0 euros, non hai máis que darse unha volta pola nosa vila para darse conta das necesidades do día a día do noso concello; saneamentos?, nin oímos falar deles. Como dicíamos, todo o que se refire a medio ambiente, se reduce como moito a unha compra de 30 contedores ao longo de todo o ano, bueno, temos 50 parroquias, algunha parroquia terá que compartir coa do lado para poder repoñer este mobiliario.

Dende logo, como dicía, estos Orzamentos, non vale de nada que nós fagamos propostas, porque si no nos quixeron escoitar alí onde se podía debatir, que era na Comisión, puxemos enriba da mesa o noso traballo para compartir co grupo de goberno esa responsabilidade e ir reducindo partidas para poder atopar para todas estas outras necesidades urxentes que ten o noso Concello, diñeiro e fondos, si non nos quixeron escoitar, que sentido ten este paripé de traelo a un Pleno deste xeito, donde, evidentemente, non se vai a ter en conta as nosas opinións e donde, evidentemente, van a utilizar vostedes a súa maioría absoluta para aprobalo, ignorando por completo o que din os cidadáns representados polos grupos da oposición. Por iso, como dicían, non vamos a utilizar o noso segundo turno de palabra señor Alcalde, señor Concelleiro de Facenda, porque, como dicíamos, se vostedes non nos queren escoitar, os veciños e veciñas da Estrada estamos seguros que si nos escoitarán cando lle contemos todo isto. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas dona Belén Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños, en representación do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Xosé Magariños, Concelleiro polo BNG: Moi bo día ou boa noite a todos e todas. Non me estraña que quixesen o debate deste Orzamento o máis rápido e ao máis agachadas posibles, porque o que se nos trae aquí é de ficción, ademais de non moi boa calidade, pero, a parte de ser un exercicio de ficción é un Presuposto que mostra o que realmente é o Partido Popular da Estrada. Así fálasenos, por exemplo, de contención, da presión fiscal, cando foi o partido que incrementou o IBI ou que se nega a dar solución, polo menos a tramitar a documentación que lle solicitan os veciños de Lagartóns aos organismos correspondentes para solucionarlles o problema que teñen co IBI. Son uns Orzamentos que demostran o pouco peso que ten o Partido Popular da Estrada, tráesenos uns Orzamentos case a mediados de marzo, onde non hai comprometida absolutamente ningunha partida doutras administracións, deixa claro o peso que ten. Dise que estas aportacións de capital se irán incorporando ao Presuposto como xeración de ingresos ao longo do ano, pero bueno, é increíble que a estas alturas non teñamos unha previsión deste gasto, unha previsión de investimentos, unha previsión de proxectos, e loxicamente uns compromisos en firme doutras administracións para desenvolvelo. Repito, o peso que ten o Partido Popular na Estrada.

Cuestións como medio rural, as vías que temos, 64.000 euros, como xa dicía aquí a portavoz do grupo socialista, para 2.000 quilómetros, vamos... como di aquí nunha frase do informe da Alcaldía: que se trata xa de cuestións xa rematadas, bueno, debe ser que non dan moito unha volta polo rural os membros do goberno popular para ver como están os viais, os asfaltados es os sin asfaltar, que están algúns completamente intransitables. O que si se fai é seguir mendigando, neste caso, na Deputación... como se fai mendigando?, pois facéndonos cargo das obrigas que ten a Deputación, véndesenos como.... son colaboracións con outras Administracións, non hai problema, pagamos a mitad da obra que lle corresponde á Deputación facer, como si lle pagamos a mitad da casa a alguén para que veña a tomar uns viños con

nós, ao final é do que se trata. Vamos a pagar a mitad das inversións que lle corresponden á Deputación porque sinón non nos fai nada, eso é o peso que ten, tendo en conta que o Sr. Alcalde é Diputado Provincial, pero bueno, é o peso que temos, supoño que por eso o resto das administracións, tanto autonómicas como estatales, non queren moito comprometerse co Concello da Estrada, aínda que o Concello da Estrada se compromete co Sr. Louzán, non debe ser persona de agrado dentro do Partido Popular e se decide apartalo. Xa digo, estamos a mediados de marzo e non se nos presenta ningún tipo de investimento que se poda realizar destes anos.

Fálase de contención do gasto corrente, efectivamente, pero tendo en conta o presuposto do ano pasado para a Escola Obradoiro era 170.000 euros e este ano se proxectan 100.000 euros, a redución é de 70.000 euros, o gasto corrente redúcese en cincuenta e algo mil, a conclusión é que aumenta en 20.000 euros.

Siguen sen ser capaces de solucionar o desequilibrio que formaron entre a capacidade de ingreso que ten o Concello e o gasto que se está facendo. Cada vez está máis disparatado, perdón, desequilibrado os Capítulos I e II de ingresos e os I e II de gasto, pero bueno, esa é a xestión que está facendo o Partido Popular; é como si mercamos un coche, un vehículo, e o único, todo o combustible que gasta o vehículo é en arrancar porque despois non se move, é o que están facendo, están creando un Concello en que todo o que... a capacidade de xerar ingresos o Concello se vai en simplemente encender as luces o personal do Concello e de manter a calefacción e, ademais, encender calefacción que non conta, porque bueno, xa é o que nos faltaba non?.

En persoal esto cada vez é un monstruo máis grande. Seguimos tendo unha praza de Asesor Xurídico, non sei para que, non sei porque non se suprime, bueno a oficina de Urbanismo eu creo que vamos a competir cas grande consultoras de urbanismo en persoal, e así todo non chega, porque temos que contratar traballos externos, non sabemos para que. Si sabemos para que se contratan traballos externos no Novo Mercado, 50.000 euros e máis 6.000 de proxectos, é para solucionar a chapuza que fixeron, e eu creo que se van quedar cortos, van a ter que presupostar algo máis de diñeiro para solucionar tremenda chapuza que fixeron con este Novo Mercado. Queren inaugurar as obras ás presas, pero as presas son tres anos e medio eh?, non era necesario acabar facendo o que fixeron, puideron tomarse un pouquiño máis en serio a obra e facer as cuestións como había que facelas.

Sigue sin aparecer por ningún sitio o beneficio que foi para os veciños e veciñas da Estrada ceder a recadación de impostos ao ORAL; eu, dende logo, nos Presupostos non o vexo, o persoal que estaba neste Departamento se sigue sin saber hacia onde se distribúe, se vai a mellorar a xestión, nada. Non se nos presenta ningún informe sobre capacidade e de mellora na tributación, de que o Concello estea recadando máis cartos con esta cesión, por ningún lado. Bueno, pero como digo, como esto é un documento de ficción, ao mellor a parte real do documento contan vostedes con ela e esto é co lle presentan para os veciños e para os veciños da oposición para ler un rato polas noites antes de ir para a cama como quen lee unha novela de entretenemento, porque outra cousa... dende logo, serio non é este documento.

Xa digo, o gasto de persoal cada vez é máis grande, xa non falemos do que é o gasto de persoal en órganos de goberno, se dedican, creo que son 240.000 euros a órganos de goberno e a promoción económica 238.000, esto é a capacidade de fomentar emprego, de crear movemento económico, na situación de crisis na que vivimos. Xa non falemos do que son inversións, aumento do Polígono de Toedo, que está completamente esgotado, ou facer todo o que estea na súa man para que a Cidade do Moble sexa unha realidade; pero bueno, esto é o que entenden por fomentar o emprego e crear movemento económico.

Tamén outro exercicio surrealista ou de ficción, dicir que polo mero feito de ter o Novo Mercado, bueno, eso xa vai a ser o maná, a partir de aí se vai a xerar movemento económico, a xente que estea

alí vai a vender produto rapidamente. Hai que presentar un plan de dinamización deste Novo Mercado, un plan de dinamización sobre todo do que alí se vende, dos produtos do noso sector primario. Non se ve en ningún lado, por ningún lado, xa digo, deber ser... a xente vai a ir a mirar esa maravillosa obra que se fixo e con eso xa queda solucionado, xa se xenera movemento económico. Pero bueno, xa digo que, desde logo, ideas non ten, 400.000 euros para PXOM, pideuselle nesa Comisión do luns pasado haber!, proxectos concretos, para qué!, bueno, pode ser para isto, pode ser para outro o pode ser para o máis alá. Nos facemos preguntas sobre proxectos concretos, a ampliación do Polígono de Toedo ou mercar terreos para zonas de aparcamento nos arredores do centro que fagan que a xente veña a mercar á Estrada, porque non teñen onde deixar o vehículo, e hai que lembrarlles ao do goberno que somos centro dunha comarca moi extensa, que ten moito rural, que a xente se despraza e non hai precisamente un transporte público que permita este transporte, si é verdade que se nos fala aquí da área metropolitana, subscribiron o Convenio coa área metropolitana de Santiago de Compostela, esperemos que teña repercusión na Estrada e non sexa simplemente para sacar os nosos cidadáns a mercar a Santiago, que teña tamén repercusión á inversa, pero bueno.

Os presupostos para vías rurais xa falamos deles e... bueno, calificalo como tomadura de pelo igual é algo fuerte, pero non anda moi lonxe, pero bueno. O presuposto para vías urbanas eu eso xa é... eu supoño que por eso non veu Ana Pastor para a inauguración do Novo Mercado, porque dáballe vergonza pasar, xa non digo polas de competencia municipal, pola súa, a Nacional 640, que hai que lembrar que hai un acordo deste Concello, deste Pleno, para que o Ministerio de Fomento a reparala dunha vez, esto está cada vez peor, dentro de pouco xa non haberá... haberá que comprar un tractor destes potentes forestais para poder circular, porque dende logo polas vías urbanas da Estrada non hai por onde moverse; así que a estas alturas o Concello non sepa que prioridades ten que ter, que vías necesitamos mellorar con urxencia, son estas e tiñamos o compromiso en firme da administración nacional, pero xa digo, ningún. Esta é capacidade de xestión que ten o Partido Popular na Estrada e sobre todo a capacidade que ten de levarse cos seus propios, porque hai que lembrar que en Madrid goberna o Partido Popular, en Santiago goberna o Partido Popular e en Pontevedra goberna o Partido Popular; co único co que ten máis o menos relación é con Pontevedra, porque loxicamente paga, como xa dixen antes, é como que paga aos amigos para que vaian a tomar o viño con el ou para que vaian a xogar ao fútbol, porque senón está solo e non ten amigos. Este é o panorama, e o triste é que ao final quen paga este panorama son os veciños e veciñas da Estrada. Isto, para concluír, e unha mostra máis do que é un goberno esgotado que durante estes anos non tivo ningún tipo de ideas para a Estrada, e un goberno... un partido e un goberno que da por derrotada o proceso electoral que vai que vir en maio e entón... pois, non temos nada que facer e isto deixámolo aí para que o que veña a partir do ano que ven solucione os problemas e faga uns Presupostos en condicións.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Sr. Magariños. Ten o turno de réplica o Concelleiro de Facenda o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Alberto Blanco: Ben, di a Portavoz do Partido Socialista que contamos mentiras, que maquillamos estes Orzamentos. Maquillaxe é contemplar en gasto eléctrico 800.000 euros cando se sabe que se está gastando 1.100.000 euros como ocurría no ano 2011, eso é maquillar os Orzamentos, pero claramente, e que despois aparezca o delegado de zona de Fenosa e nos pregunte como lle vamos a pagar 1.000.000 de euros que se está debendo do ano 2011; preséntenme vostedes un plan de pago, é así eh?... Si me permiten seguir intervindo, hai que coñecer o que había antes, o que había despois, aquí fálase do que se gasta agora mesmo en gasto corrente, en Capítulo I, en Persoal, decindo, tanto por

BNG como polo Partido Socialista, de que se está gastando máis que nunca. Simplemente cando se contrasta a evolución dos Presupostos pódese ver que no ano 2009 se estaba gastando en Persoal 4.937.000 euros, casi 5.000.000 de euros, no 2012 pasouse a 4.042.000 e agora mesmo aínda está máis baixo, co cual eu non sei quen minte, están os datos aí en internet, pode baixalos cando queira, si?, pois aquí están: casi 5.000.000 de euros pasan a 4.000.000 no 2012 e agora siguen baixando, e lle vou a decir en concreto a cifra, 4.637.000 euros, é dicir, estamos falando de casi un millón e medio de euros. O mesmo pasa con Gastos Correntes que, haber si coinciden os nosos datos, 5.143.000 no ano 2009.

Que despois hai que considerar o que é a dinámica que parece que desde as filas socialistas non entenden moi ben como é a dinámica dun Presuposto e como acaban as liquidacións, porque ao final hai que saber que ten que haber resultados positivos. Incrementar como foi no último exercicio liquidado en 4.000.000 o que son as inversións finais e obter un remanente de 1.000.000 de euros, eso é importante, non solo para obter remanente e liquidez, senón para acudir a préstamo, non como ocorreu ca liquidación do exercicio 2010, onde, a pesar de todo o esforzo que tiña que facerse presupostariamente en este Concello, non se podía acudir a préstamo.

Simplemente esos son datos que resultan, maquillaxes e mentiras. Os datos están aí, eu penso que son bastante claros e parece que de ficción, como di o portavoz do grupo nacionalista, pero remítome outra vez, hai que ver cales son as liquidacións, cales son as obras feitas e ver de donde saleu cada peso e como se inverteu e como se liquidada, porque agora mesmo hai que estar suxeito a unha normativa moito máis estrita, co cal é máis difícil facer encaixar os números, penso que eso se está logrando nos últimos anos, a presión fiscal da que falaba dela sigue estando moi por debaixo da media dos Concellos galegos, a pesar do incremento do IBI, incremento que si, hai que recoñecer, foi a supresión desa bonificación porque era absolutamente necesario, non me vou a repetir, porque senón xa se empezara a poñer aquí outra vez caras torcidas de por que tivemos que tomar esa decisión si?, pero simplemente que houbo que tomala, seguimos nunha situación de presión fiscal que se está diminuindo por que se están baixando os impostos directos, cada ano se está baixando, polo tanto se está rebaixando a presión fiscal.

Transferencias de Capital? Transferencias de Capital, logicamente a estas alturas hai algunhas que podran vir no futuro e non se poden contemplar si?, pero si se van a ir.....

(CORTE NO AUDIO)

Ben, por eso eses datos todos de Transferencias de Capital que se veñen vendo ao longo do ano son os que se balancean na liquidación final, logicamente hai que traballar e conseguilos, eso non hai duda ningunha e penso que hasta agora non se estivo facendo mal.

Obradoiro de Emprego. Menor cantidad que o ano pasado?, si, este ano 100.000, si, 100.000 máis que o 2011 que foi o primeiro exercicio que tivemos que rematar, no, no, si falamos de comparativas temos que comparar todo, entendo que ten que ser así para ver a evolución do Concello, como evolucionou os impostos, como evolucionou os gastos, que si desde as outras portavocías se está facendo referencia considero que non teñen que poñer caras torcidas porque o están facendo.

O ORAL, o ORAL, pregunta que está pasando co personal que estaba dedicado a Recaudación aquí, xa moitas veces lles temos explicado que se está facendo... cubrindo unhas necesidades que este Concello non tiña e que gracias á transferencia ao ORAL se está facendo, como é o tema de persoal, que estaba levado dunha forma con sobre esforzo por parte de Tesourería, o Tesourería estaba asumindo funcións que non lle

correspondían e que penso que o Concello, ca cantidade de personal que ten o Concello da Estrada, tiña que ser levado doutra forma.

Falan doutras partidas, do Técnico Xurídico, o tema do Técnico Xurídico é unha necesidade apremiante deste Concello, está dotado economicamente, hasta agora a Lei non permite a contratación e a creación desa plaza, ojalá se puidera porque eso fai falta aquí como poucas cousas, co cual, si a Lei no momento que o permita a creación desa plaza... seguramente se vostedes tiveran oportunidade o farían, porque sabrían que é unha necesidade apremiante, e coa ventaxa de que dispoñemos de cartos para poder dotalo, porque peor sería que non te deixaran e cando te deixan non tes con que, como ocurría con outras cousas, inversións, a dotación de suelo, agora o Concello da Estrada ten suelo, hai que ir prevendo o que vas a necesitar no futuro e que che veña como o vas a coller. Eu penso que eso é o que ten que facer un grupo de goberno, e penso que nesta liña estamos traballando.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sr. Blanco. Non sei se hai algunha... outra intervención?. Por parte do Bloque Nacionalista Galego, por parte do Partido Socialista xa dixó que rexeitaba o seu turno de intervención, non sei se o Sr. Magariños ten pensado facer algunha intervención?. Bueno, pois creo que o tema exposto por parte do goberno local e nun momento me gustaría facer a modo de peche unha intervención na defensa destes Orzamentos que eu creo que, bueno, pois, como ben comentaba o voceiro do Partido Popular, o Concelleiro de Facenda, son uns Orzamentos realistas e, se cabe, todavía teñen máis solvencia despois das intervencións dos poucos voceiros non?, porque xa pouco teñen que aportar cando ata... xa non é que fixeran nunca ningunha proposta nas Comisións Informativas, eran inválidas porque non aportaban nada en positivo, senón que xa nin siquera aportan, debe ser a primeira vez na historia deste Concello que non se fai un análise en profundidade dos Orzamentos, no debate orzamentario non?. Pero eu non quero deixar pasar por alto determinados aspectos que para min son importantes e se destacaron fundamentalmente máis despois deste... creo que debate que non, de verdade, non recolleu o mellor en esencia o que pretende este Orzamento.

En primeiro lugar, creo que é un dato fundamental o que destacaba o Concelleiro de Facenda, hai dúas formas de facer os Orzamentos, hai os Orzamentos rigurosos e os Orzamentos falsos, e é a única forma de demostrar, porque, ademais, en política fiscal e difícil poder enganar moito no tempo porque ao final todos os anos hai que pasar polo mesmo trámite, que é a Liquidación orzamentaria e aí é onde saltan os cores, si o Orzamento está ben feito ou está mal feito, ou se cumpriu coas previsións; saben vostedes que un Orzamento é unha previsión de execución no Capítulo de Ingresos e Gastos, polo tanto é unha estimación que o goberno fai cunha serie de datos que se recollen si son verdadeiros ou non na propia finalización do Orzamento que é a Liquidación final. Cando as liquidacións finais salen dándolle a razón a este goberno con remanentes ou liquidacións positivas de máis de un millón de euros como vimos xestionando desde que nós formamos parte deste goberno, quere dicir que o Concello recolle perfectamente ben os gastos e que, por encima, estima por debaixo os ingresos que creo que nos dá esa suficiencia económica para pechar liquidacións positivas, a diferenza do que pasou nos catro anos do goberno bipartito, que partiron vostedes cun remanente, cunha liquidación de 2.700.000 euros no ano 2009 e remataron o seu mandato dunha liquidación positiva de 2.700.000 a unha liquidación negativa de -200.000, qué quere dicir eso, que non gastaron todo o que ganaron, sino que ademais tiveron a arrastrar do aforro que tiña este Concello porque non lles chegaba; e que pode motivar esa situación?, pois o que comentaba perfectamente o Sr. Blanco non?, que vostedes marcaban como gasto corrente de enerxía eléctrica 200.000 euros e despois gastaban un 1.050.000 e non pasaba nada, un gasto desmesurado, seguía medrando.

Que fixo este goberno?, axustar o gasto na xestión, pero axustalo no Orzamento tamén e levar o gasto ao realmente gastado no exercicio anterior, cunha previsión orzamentaria realista, xustificada e rigurosa, non pintando uns Orzamentos que nunca se cumpriron mentres vostedes gobernaron. Esa é unha decisión fundamental na xestión orzamentaria, pero ademais fundamental, sempre neste momento é máis, porque cada vez o Ministerio de Facenda regula máis a xestión económica das administracións locais e cada vez son máis os requisitos que nos marcan e que temos que ir cumprindo trimestralmente e son os datos que ten que volcar a Intervención municipal trimestralmente no Ministerio de Facenda para ir cumprindo unha serie de parámetros de estabilidade que é fundamental ter unha boa previsión orzamentaria.

Polo tanto en que se resumen as intervencións da oposición? En un debate cargado de tópicos típicos dun debate orzamentario. Podemos tirar de hemeroteca sobre debate orzamentario en calquer Concello de Galicia e, evidentemente, saldrá o 99% dos argumentos que vostedes utilizaron hoxe, evidentemente, non teñen e, desde logo ademais, deixaron moitas portas abertas que eu vou a intentar aclarar.

Cando di que este goberno lle costou 4.000.000 de euros aos estradense, bueno, eso xa é unha pirueta ao límite xa, desde logo, de caer ao vacío non?, porque o que si é certo que o que fixo este goberno foi axustar o Orzamento ao gasto real, e si é certo que os datos económicos (e están para vostedes velos Sres. Concelleiros, e teñen acceso a eles) son as liquidacións, e xa lle anticipo que a Liquidación deste ano tamén vai a ser positiva en torno a 1.000.000 de euros, polo tanto eso quere decir que a dinámica orzamentaria deste Concello está indo nun moi bo camiño, e eso é unha cuestión fundamental, porque durante 4 anos este goberno pechou, liquidou os orzamentos en superávit presupostario, e eso non é un dato non menor, vostedes pecharon os Orzamentos e déficit presupostario e, evidentemente, eso levou a unha situación económica extremadamente difícil para o Concello da Estrada.

Pero ademais me encanta que vostedes que non fagan referencia... solo lles falta un típico tópico, un!, que foi a presión fiscal, "equilicúa"! lles faltou a presión fiscal, por que será?, porque non habería debate sobre o que supón o Capítulo de Ingresos por parte do Concello, o sea, o que supón o Capítulo de pago de impostos por parte dos nosos veciños, por que será que non se debateu?, e único que nombrou esa palabra foi o Concelleiro de Facenda, por que como veñen vendo os datos dos Concellos de categoría igual ou inferior ao Concello da Estrada, o Concello da Estrada é o que menor presión fiscal ten por habitantes, por moito que o BNG e o Partido Socialista se empeñen en decir que subeu o IBI, que subiron determinados impostos... Si é certo que houbo unha modificación, si é certo que houbo unha decisión de conxelar o imposto do IBI para que non repercuta nos nosos veciños e, desde logo, estamos nunha situación de presión fiscal moi por debaixo da media dos Concellos da nosa categoría.

Pero ademais tomamos medidas fiscais de corrección da carga impositiva de nosos veciños, tomamos unha medida que non quixeron tocar vostedes, pero unha medida que afecta cerca de mil, mil propietarios de vehículos históricos neste Concello, unha medida que lle vai a beneficiar por dúas vías: a primeira é porque rebaixamos os anos para considerar vehículo histórico, de 30 a 25 anos; e, en segunda opción, os beneficia porque hasta agora esa bonificación era unha bonificación rogada, polo tanto, ademais de cumprir esa premisa de ter 30 anos tiñan que vir ao Concello expresamente para pedir esa bonificación, e agora pasa a ser unha bonificación automática, polo tanto no momento en que cumplan os 25 anos automaticamente ese vehículo deixa de pagar ese imposto. E saben que lles vai a beneficiar a máis de 1.000 veciños da Estrada e sabe que van de deixar de recaudar ao Concello da Estrada entorno de 120.000 euros ao ano. Eu creo que é unha boa medida de estímulo fiscal para os nosos veciños,

que ademais nos o pediron a Asociación de Vehículos Históricos e eu creo que era de xusticia e de necesidade.

Ademáis deso, por cuarto ano consecutivo mantemos unha conxelación das taxas e dos impostos, están todos conxelados, nin siquiera se buscou unha actualización ao índice de precios, en ningún momento se valorou o incremento pola vía impositiva do incremento das taxas e dos impostos cunha conxelación total e absoluta desos impostos. E a única vía de axuste ven pola recaudación da participación nos tributos do estado, que pasa a ser un incremento de entono a 150.000 euros con respecto ao ano anterior.

Teño que decirlles unha cousa que tamén se lles escapou, e é que saben que o Concello da Estrada está pagando a devolución do que vostedes cobraron de máis cando gobernaban este Concello no ano 2008-2009, que ingresaron por participación en tributos do estado, 1.000.000 de euros, máis do que lle correspondía, que nos chegou a liquidación negativa dese millón de euros por devolución dos ingresos recibidos de máis no ano oito e no ano nove, nos chegou no ano doce, e estamos pagando durante cinco anos 200.000 euros ao ano para pagar o que vostedes gastaron. Tamén llo recordo porque ao mellor se olvidaron, aínda o estamos pagando eh?, estamos pagando 230.000 euros ao ano para pagar o que vostedes gastaron con esa política de "invito yo que pagas tú", con esa política habitual cando gobernan os bipartitos, e este goberno paga, non solo pagou as facturas, non solo pagou o gasto corrente, non solo compensou o déficit presupostario, senón que pagamos e devolvemos o que vostedes gastaron de máis, que non é nin nada máis nin nada menos que 1.000.000 de euros.

Polo tanto, na vía do ingreso, eu creo que é un Orzamento que se ciñe ás circunstancias actual que demanda a nosa sociedade. Pola vía do gasto?, bueno falan vostedes de gasto corrente, a min me gustaría saber a súa opinión cando vostedes falan e tachan... e critican o gasto corrente como un gasto meramente improdutivo, como si nós anduveramos tiran os cartos polas esquinas, e me gustaría saber a súa opinión si lles digo que a partida de gasto corrente destinada a Seguridade e Orden Público, Protección Civil, Emerxencias e Incendios supón un 1.000.000 de euros, si para vostede eso é despilfarrar e malgastar o diñeiro público, explíquenllo aos veciños que vostedes non gastarían nesas partidas que para nós é fundamental, onde mantemos un servizo de emerxencias con 19 efectivos 24 horas do día, donde somos o único Concello de Galicia donde temos unha ambulancia adquirida polo Concello, medicalizada, para facer o transporte sanitario, e fai máis de 1.200 intervencións ao ano, que no caso de non ter ese servizo de ambulancia, esos doentes, esos enfermos, non poderían ser trasladados nese tempo porque a ambulancia do 061 sae en primeira instancia a o do Concello sae en segunda e, polo tanto, terían que esperar que houbera unha ambulancia libre ou esperar ou aumentar o tempo de espera relacionado co transporte sanitario. Si vostedes me din que para vostedes as campañas de incendios e a prevención de incendios forestales non é importante, pois empezo a entender, empezo a entender o concepto que ten a sociedade da forma que teñen de facer política. Si vostedes me din que non é importante, que é un gasto improdutivo que o Concello gasto 266.000 euros en manter a rede de sumidoiros do Concello da Estrada, pois seguramente teñen un problema na xestión pública. Si vostedes me din que é un gasto improdutivo gastar 180.000 da rede de abastecemento de auga, entón era mellor que non houbera un sistema de abastecemento de auga ao público. Si me din vostedes que é improdutivo gastar 1.000.000 de euros na recollida de lixo porque SOGAMA cobra 400.000 euros por tratar a basura, máis outros 300.000 euros do Convenio que temos co INEM, como explicou o Concelleiro, de colaboración social para que persoas desempregadas para que poidan traballar no Concello cun complemento salarial e que poidan desempeñar funcións basicamente no servizo de limpeza viaria e recollida de basuras, se lles parece que eso un despilfarro e un gasto improdutivo, pois evidentemente supoño que socialmente será difícil de entender. Si

vostedes din que despilfarrar e gastar 934.000 euros en iluminación pública cando vostedes gastaban 1.150.000, pois evidentemente temos un problema de comprensión das súas propostas. Ou se me din que despilfarrar é investir 2.000.000 de euros en política sociais, ou investir... pasar de gastar 400.000 euros, como gastaban vostedes, a 570.000 euros que gasta este goberno no Servicio de Axuda a Domicilio donde estamos atendendo a máis de 140 familias que están co plan de atención individualizada, polo tanto valoradas como dependentes, e se lles están dando as axudas e as prestacións de axuda a domicilio para as persoas con dependencia; si vostedes me din que eso é despilfarrar, evidentemente teñen vostedes bastante pouca implicación social. Ou se me din, por exemplo, que para o fomento de emprego despilfarrar en gasto corrente gastar pois 137.000 euros ou no ensino preescolar, na Gardería Infantil 300.000, si eso é despilfarrar, a nosa Gardería Infantil nos costa 300.000 de gasto corrente, vaia despilfarro señores socialistas e nacionalistas!, tremendo despilfarro político!. É certo, nos costa moito diñeiro, é verdade! Temos unha Gardería que nos costa 300.000 euros ao ano, recaudamos 80.000 euros de taxas e a Xunta nos pon tristemente e lamentablemente (que é unha das críticas que eu lle fago, evidentemente, á Xunta de Galicia) 20.000, e outros 200.000 saben quen o paga?, o Concello da Estrada, os veciños, porque queren ter un servizo público de gardería, porque queren que esas 120 familias que teñen seus nenos alí poidan ter os seus nenos e conciliar vida laboral e familiar; si para vostedes eso é un despilfarro, entonces, sinceramente, se me empezan a caer os preceptos políticos que eu teño en relación ao estado de benestar e as políticas sociais da esquerda nacionalista e socialista, porque parece que son os seus pilares. Para vostedes o problema destes Orzamentos é esto que estou dicindo eu, esto é o gasto corrente do Concello da Estrada, non hai outro, este é o Capítulo II do gasto corrente que estou desgranando partida por partida. Ese é un gran problema que teñen os señores socialistas e nacionalistas con este proxecto.

Tamén é un despilfarro gastar 220.000 euros en educación, pagar aos conserxes dos colexios, pagar a calefacción dos colexios, investir nas reformas dos centros educativos; que gran despilfarro señores!, que gran despilfarro político! Ou investir 190.000 euros no Conservatorio e Escola de Música, donde hai máis de 150 rapaces aprendendo artes musicales, e donde temos ademais o Conservatorio de grado medio, un dos mellores Conservatorios de grado medio de Galicia, e estamos invertindo 190.000 euros en ese proxecto. Grandísimo despilfarro entenden os señores da oposición. Ou investir 536.000 euros en cultura, este Concello da Estrada fai un esforzo extraordinario na programación e na actividade cultural, e nós estamos moi orgullosos, moi orgullosos! De ser un dos Concellos que fai unha aposta importante polas actividades culturais e do mundo da cultura. E si!, para nós tamén é importante investir 300.000 euros en deportes e diñeiro que vai directamente aos clubs, ás asociacións e a entidades deportivas que fan un traballo de formación extraordinario potenciando, sobre todo, as actividades cos máis cativos, cos nenos e coas escolas deportivas.

Tamén é importar investir 58.000 euros en agricultura e gandería. Tamén é moi importante para nós investir 1.000.000 de euros en infraestruturas e mantemento viario. Tamén é importante, como non, gastar 980.000 euros en administración xeral, que son os técnicos e funcionarios desta... o gasto de técnicos e funcionarios desta casa. Ou investir pois proxectos e infraestruturas e obras, como falou antes o Concelleiro eu creo de forma bastante extensa.

Polo tanto eu acabo de facerlle un resumen do que son as partidas de gasto corrente desta casa, non hai moito máis do que eu acabo de dicir, non hai moitas partidas máis desta... E si sumamos partida por partida estou convencido que ao final chegamos aos catro millóns e pico de euros que os señores da oposición din que é un gran despilfarro. Esta é a realidade orzamentaria, despois vostedes píntena

como queiran e falen de que o gasto corrente é un despilfarro. O gasto corrente é o Servicio de Axuda a Domicilio, vostedes cren que é un despilfarro gastar 570.000 euros en axuda a domicilio?, si o cren díganlo que eu creo que no, que é un servizo fundamental, necesario e valorado polas familias. Polo tanto, creo que ese punto está medianamente claro, pero é que ademais falan vostedes da falta de....

(CORTE NO AUDIO)

Qué problema temos aquí agora?, que parece que o... bueno, que o pouco peso político que ten este Alcalde lle preocupa aos partidos da oposición e o que lle debería é de alegrar e non de preocupar, por si é así terían o escenario electoral máis favorable e ao mellor non é así non?, porque.... Vou a facerlle un pequeno resumen de dous aspectos que para min son fundamentais: O primeiro deles (llo toquei antes, llo dixen antes) que é dinámica orzamentaria e ese remanente positivo de 1.000.000 de euros que vimos consolidando dende fai 4 anos en canto á evolución, a mellor evolución dos ingresos e gastos que nos permiten ter ese colchón orzamentario de 1.000.000 de euros de liquidación positiva. Pero que ademais, vostedes non tocaron outros aspecto que é o mantra dos debates orzamentarios, que casualidad!, non tocaron nin o mantra da carga impositiva, nin tocaron o mantra do endebedamento, dos papeles... dos pilares fundamentais do debate orzamentario, e por que non o tocaron?, porque o Concello da Estrada está en niveis de endebedamento máis baixos da súa historia, e o digo porque na evolución orzamentaria que leva o Concello da Estrada o límite máximo que podía ter o Concello de endebedamento sería o 75% dos seus recursos correntes, e estamos no 34. Ademais deso, ademais de ter firmados préstamos con entidades financeiras por 3.700.000 euros, que é menos que o endebedamento que deixaron vostedes cando deixaron o goberno, ademais deso, so temos dispostos 2.400.000; entón, que pasa con eses de 2.400.000 a 3.700.000 que están firmados pero que non están dispostos?, pois é un remanente que ten o Concello para acometer proxectos e para dotar orzamentariamente o PXOM. E que vostedes se quedan no máis elemental e se olvidan que detrás da xestión orzamentaria, evidentemente, hai un recurso posterior que son a incorporación dos remanentes, que son os remanentes incorporados de forma obrigatoria, que son os préstamos sin dispoñer e que nos dan unha solvencia todavía maior á que eu acabo de marcar aquí. E o Concello da Estrada ten un aforro orzamentario de 1.000.000 de euros, pero ten un aforro extraorzamentario de 1.800.000 que vai a destinar e que está dotando presupostariamente para acometer proxectos vinculados ao Plan Xeral, porque se olvidan tamén de que o Plan está aprobado, e temos un Plan aprobado; e ese plan nos obriga a ir consignando economicamente unha serie de proxectos que van vinculados ao desenvolvemento do Plan, e para desenvolver eses proxectos necesitamos diñeiro e ese diñeiro o temos aforrado; e co Orzamento que poñemos e marcha hoxe vamos a consolidar un aforro de 2.000.000 de euros para proxectos, iniciativas vinculados ao Plan Xeral. Falo de un millón e medio que xa temos consolidado máis catrocentos mil que aporta este Orzamento cas partidas de expropiación e terreos vinculados ao Plan Xeral. E aí temos ese diñeiro que, evidentemente, este goberno o sabrá xestionar de forma adecuada vinculada á ferramenta fundamental que é o Plan. Aínda así, e aínda así estamos por debaixo do nivel de endebedamento que tiñan vostedes, e aínda así o endebedamento máximo deste Concello sería o 75% e estamos no 34, estamos menos da metade do endebedamento que poderíamos ter dentro dos parámetros establecidos pola Lei de Presupostos. Creo que esa é unha realidade incuestionable, pero aínda temos máis, aínda temos máis, e que ademais de todo isto que lle acabo de dicir, fóra do presuposto, Sr. Magariños, nunca!, nunca na historia se contemplaron os convenios, os proxectos que están financiados con diñeiro doutras administracións, por que diñeiro doutras administracións?, e que de diñeiro doutras administracións con

proxectos aprobados en licitación, en licitación, e con cartos comprometidos temos 4.400.000 euros, 4.400.000, e llos vou a detallar para que vostede os apunte, mire: temos comprometidos coa Diputación de Pontevedra a urbanización da Baiuca, que son 470.000 euros; temos comprometido coa Diputación de Pontevedra a inversión dos arranxos do saneamento da Avenida de Santiago, que son 120.000 euros; temos comprometido coa Diputación de Pontevedra o arranxo do Frontón municipal, que son 120.000 euros; temos comprometido coa Diputación de Pontevedra o proxecto de SOCADE, que son... para montar o Centro Hípico (que xa sei que a vostede non lle gusta, pero a 150 socios de SOCADE si, e lle podó garantir que a esos 150 non lles gusta que a vostede non lle guste), ten garantizado unha inversión de 60.000 euros.

(INTERVENCIÓN QUE NON SE APRECIA NO AUDIO)

Sr. Alcalde: Seguro que si!!! pódolle garantir que temos pavimentado, temos aprobado o proxecto de pavimentación da Avenida de Santiago e o proxecto de ensanche e pavimentación do vial en Aguións, que pasa por diante das escolas, que suman 120.000 euros. O tramo da Avenida de Santiago que vai desde a Avenida Benito Vigo ata a rotonda da escola.

Temos en execución 2.000.000 de euros de plan de asfaltados no rural en execución, xa están as máquinas traballando nas vías rurais, 2.000.000 de euros en execución Sr. Magariños, sabe vostede que son dous millóns de euros?, pois dous millóns de euros en obras se están executando neste momento de melloras en camiños rurais.

Temos firmado Convenio e consignado 750.000 euros para a segunda fase do vial Liñares-Balbao, conveniado coa Diputación.

Temos empezadas, ou se van a empezar xa a próxima semana, 150.000 euros para o tramo de aceras en Fernando Conde, o tramo final, adxudicadas á empresa e si inician a semana que ven.

Temos iniciada xa, que se iniciaron hoxe, por importe de 70.000 euros, o tramo da senda peatonal en Ouzande para rematar ca senda ata o final do paseo Don Manuel Castiñeiras.

Temos comprometido coa Diputación, con orzamento xa comprometido, a posta do Centro do Maior, o novo Centro dos Maiores e da Prevención da Dependencia nas inmediacións, nas instalacións do Novo Mercado, outro proxecto que tanto lle gustan a vostedes.

Temos diñeiro extraorzamentario comprometido para facer o tramo da mellora da rede de abastecemento de auga do depósito de Penedra ata a entrada do casco urbano na Avenida Benito Vigo.

Temos diñeiro extraorzamentario e comprometido e o proxecto en Patrimonio, pendiente da súa autorización, para facer o proxecto da senda de Matalobos, desde o Alto da Cruz ata a Igrexa de Matalobos.

Eso todo temos o diñeiro, temos os proxectos, están en licitación ou en execución e están comprometidos xa, e non figuran neste Orzamento, e todo eles, aínda que lles parezca increíble, suman 4.400.000 euros, fíxense vostedes, e non figuran neste proxecto de Orzamentos. E eso todo está todo, absolutamente todo, comprometido, licitado ou en fase de licitación ou en execución.

Temos a aportación, como lle dicía ante, a maiores desos dous millóns de euros para o PXOM, que xa verán vostedes cales son as estratexias que ten este goberno, ademais das estratexias privadas, porque non sei se saben pero hai empresa andaluza que vai a invertir 28.000.000 de euros na Estrada, algo que tampouco lles gusta a vostedes, que veña unha empresa externa a invertir 28.000.000 de euros en desenvolver un suelo urbanizable para 200 vivendas e para construír unha área comercial para unha multinacional como é Mercadona, xa sei que non lles gusta, pero é unha realidade que se vai a acometer lles guste a vostedes ou non, porque este capital privado é moi teimudo, están empeñados a vir á Estrada aínda que o PSOE e o Bloque non os queiran, pero están empeñados en vir, non se preocupen que virán,

virán e lle poñeremos as facilidades para que así sexa e invirtan esa cantidade de diñeiro importante.

Pero ademais da inversión privada, o Concello ten un compromiso de inversión pública que o vamos a executar e que o estamos dotando orzamentariamente, como dicía antes, temos esos dous millóns de euros para executalo.

Garantizamos a posta en marcha do transporte metropolitano, outro proxecto moi ilusionante. Claro!, cando se mira desde a óptica de que "bueno, haber si non é para que a xente vaia a comprar a Santiago", bueno, pois creo que é un pouco corto de miras ese razonamento, creo que é rebaixar, lle comento a vostede por si ao mellor non coñece o acto, no ano 2014 se produciron 40.000 desprazamentos de Santiago á Estrada e de A Estrada a Santiago, 40.000!, si lles parece unha cifra pouco relevante eu creo que, desde logo, é bastante importante e vamos a facer un esforzo para reducir o billete en máis dun 40%, en máis dun 40%, cuestión que non é nada menor que o transporte, a tarxeta de transporte metropolitano.

Garantizamos con ese proxecto da Baiuca, que vai a financiar a urbanización da Diputación, a nova Gardería que tanto pedían vostedes por ela e o Concello vai a reservar xa nos Orzamentos unha partida de 100.000 para aportación municipal de compromiso firme, claro e contundente para a construción desa nova infraestrutura de Gardería Infantil, e comprometemos o diñeiro para asegurar que, aí Sra. Louzao e Sr. Magariños me van a permitir que lles diga que se somos capaces de aportando 250.000 euros para a carretera Liñares - Balboa, conseguir 4.400.000 euros de inversión da Diputación, si me din que ese negocio non é un bo negocio para os estradenses entonces creo que vostedes están retratando a súa postura de cara ao pouco que lle importe o interés xeral dos estradenses e das estradenses. Está claro e evidente, pero ese é o precio que hai que pagar a compromiso do Concello na colaboración dunha infraestrutura fundamental que vostedes non foron quen de xestionala e desarrollala e que con 250.000 consigamos transformar en 4.400.000 creo que non é, desde logo, para ser obxecto de crítica, senón que creo que é o resumo dunha xestión económica e dunha xestión política con outras administracións importante. Que nos queda por facer?, desde logo que si, nos queda moito por facer e moito por traballar, pero creo que temos posto as bases para o desenvolvemento futuro da nosa vila e ademais, como comprenderán, con todo isto que temos aquí, o que estamos facendo e o que estamos traballando é cuns Orzamentos que estamos convencidos que xestionaremos no ano 15, no ano 16, no ano 17, no ano 18 e, seguramente, nuns anos máis, porque creo que estamos traballando, se está xestionando como nunca, como nunca se fixo, e A Estrada está presente en todos os foros políticos pola xestión que se está facendo, pola capacidade de atracción de inversións e, sobre todo, polo atractivo que está resultando un Concello onde a iniciativa privada, pese a estar totalmente allea a calquer tipo de inversión, se empezan a plantear proxectos e infraestruturas de futuro para a nosa vila. Non é, desde logo, un mensaxe triunfalista, creo o futuro nos depara fortes responsabilidades, que temos que seguir traballando e esforzándonos, pero creo que no plano orzamentario co que temos contemplado no Orzamento e co que temos hoxe aquí deste debate, creo que temos as bases sólidas para conseguir ver o futuro con algo de optimismo.

Así que, si lles parece, procedemos á votación deste Orzamento. Votos en contra?, abstencións non hai, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e os en contra do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte ACORDO:

Visto o proxecto do Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2015, formado polo Alcalde no exercicio das súas competencias, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria referida nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe emitido pola Interventora municipal con data 5 de marzo de 2015.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e e Especial de Contas, en sesión do 9 de marzo de 2015.

E de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do citado texto legal,

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Apróbase inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2015, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, cuxo resumo por capítulos deseguido se indica:

	ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.397.000,00	GASTOS PERSOAL	4.637.583,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	120.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.171.172,00
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.205.082,00	GASTOS FINANCEIROS	111.921,34
CAPÍTULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	5.970.388,00	TRANSFERENC. CORRENTES	564.791,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	42.410,00		
TOTAL I. CORRENTES		<i>11.734.880,00</i>	TOTAL G. CORRENTES	<i>10.485.467,34</i>
CAPÍTULO 6	ENAXENAC. INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	609.136,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	102,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	632.018,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	550.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	558.378,66
TOTAL I. CAPITAL		<i>565.120,00</i>	TOTAL G. CAPITAL	<i>1.814.532,66</i>
TOTAL INGRESOS		12.300.000,00	TOTAL GASTOS	12.300.000,00

SEGUNDO: Sométese o conxunto de créditos consignados no Orzamento de Gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ao ano 2014, en aras do establecido na disposición adicional 14ª do R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público -que segue vixente- na redacción dada pola disposición final 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

TERCEIRO: Ratifícanse para o exercicio 2015, para o persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino para os únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Traductor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Informático	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 24
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpador vestiarios	Nivel 14

Persoal confianza e asesoramento especial:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

>

Sr. Alcalde: Non habendo ningún asunto máis que tratar, levantamos a sesión. Moitas grazas.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas dez minutos.

A Estrada, 13 de marzo de 2015
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas